

1. GO SKATEBOARDING DAY

Día Internacional do Skateboard



- **LUGAR:** Santiago de Compostela – Praza Roxa
- **DATA:** 21 Xuño
- **HORARIO:** 16:00 a 21:00
- **DESTINATARIOS:** Mocidade de 12 a 30 anos. + de 100 mozos/as
- **INSCRIPCIÓN:** Non
- **PREZO:** De balde

DESCRIPCIÓN


“Go Skateboarding Day” é un evento co que buscamos conmemorar o Día Internacional do Skate a través da organización dunha xornada de portas abertas destinada á practica e fomento deste deporte urbano.

Esta actividade vai dirixida tanto aos practicantes de Skate coma ao resto da mocidade que desexe iniciarse na súa práctica, para isto, montaremos diferentes ramplas e módulos para patinaxe libre, e por outra banda, teremos a un especialista provisto de material didáctico (patíns e cascos) a disposición da xuventude para poder ensinarlles os fundamentos do Skate.

Toda a xornada estará amenizada con música da man do Dj compostelán, DJ Cro.

OBXECTIVOS

- Facilitar e acondicionar espazos para a práctica de actividades saudables ao aire libre.
- Potenciar a práctica do Skateboard como alternativa a outro tipo de prácticas de ocio pasivo, que en moitos casos poden resultar nocivos para a saúde (botellón, videoxogos, etc.).
- Dar unha resposta creativa e de calidade ao ocio da xuventude, facéndoos a eles mesmos protagonistas e axentes principais do desenvolvemento deste tipo de iniciativas.



RECURSOS

HUMANOS: Contaremos cun monitor de Skate que impartirá obradoiros desta disciplina para aqueles mozos e mozas que queiran aprender a patinar, e contaremos tamén cun Dj que amenizará a xornada poñendo música.

MATERIAIS: Contamos con: 1 equipo de son autoamplificado, un micrófono, 10 ramplas/módulos, 1 mesa de mesturas, 1 carpa 3x3, 10 monopatíns e 10 cascos.